

DOCUMENTOS, 2ª CONVOCATORIA DE PENDENTES

As causas da crise: a especulación na Bolsa de NY segundo Groucho Marx, 1959

“Moi pronto, un negocio moito máis atractivo que o teatral atraeu a miña atención e a do meu país. Era un asuntillo chamado mercado de valores (...). Se un compraba oitenta mil dólares de accións, só tiña que pagar en efectivo vinte mil, o resto deixábaselle a deber ao axente (...). O mercado seguía subindo e subindo (...). O máis sorprendente do mercado en 1929 era que ninguén vendía unha soa acción. A xente compraba sen cesar (...), todos anhelando facerse ricos arroxaban os seus mezquinos salarios –e en moitos casos os aforros de toda a vida– en Wall Street (...).

Un bo día o mercado empezou a vacilar. Algúns dos clientes máis nerviosos presa do pánico empezaron a vender (...); ao principio as vendas facíanse ordenadamente, pero pronto o pánico botou ao carón o bo xuízo e todos empezaron a lanzar ao rodo os seus valores (...). Logo, un día, Wall Street tirou a toalla e derrubouse. Iso da toalla é unha frase adecuada porque para entón todo o país estaba a chorar.

Búsqueda de solución o New Deal Norteamericano

“Nosa máis ardua tarefa, a primeira, é facer que o pobo volva ao traballo. Non é un problema insoluble se nos enfrontamos a el con prudencia e valentía. Pode realizarse, en parte, mediante a contratación directa por parte do goberno, actuando como nun caso de guerra pero, ao mesmo tempo levando a cabo os traballos máis necesarios, a partir destas persoas contratadas, para estimular e reorganizar a utilización dos nosos recursos naturais.”

Discurso da toma de posesión de F. D. Roosevelt. Marzo de 1933

A división do mundo en bloques: Churchill e a expresión “Pano de Aceiro”.

Desde Stettin, no Báltico, a Trieste, no Adriático, caeu sobre o continente un pano de aceiro. Tras el atópanse todas as capitais dos antigos Estados de Europa central e oriental (...), todas estas famosas cidades e as súas poboacións e os países ao redor delas atópanse no que debo chamar a esfera soviética, e todos están sometidos, dunha maneira ou outra, non só á influencia soviética, senón a unha altísima e, en moitos casos, crecente medida de control por parte de Moscova (...). Por canto vin dos nosos amigos os rusos durante a guerra, estou convencido de que nada admiran máis que a forza e nada respectan menos que a debilidade (...). É preciso que os pobos de lingua inglesa únanse con urxencia para impedir aos rusos toda tentativa de cobiza ou aventura.

Westminster College, Fulton, Missouri, 5 de marzo de 1946

Discurso televisado de Kennedy, 22 de outubro de 1962.

Fiel á súa promesa, o goberno continuou vixiando moi de preto os preparativos militares soviéticos en Cuba. No curso da última semana obtivemos probas incontestables da construción de numerosas bases de foguetes nesta illa oprimida. Estes sitios de lanzamento só poden ter un obxectivo: a constitución dun poder nuclear dirixido contra o hemisferio occidental....

Varias destas bases están dotadas de mísiles balísticos de alcance intermedio, capaces de transportar unha cabeza atómica a uns 2.000 kms. Isto significa que cada un destes foguetes pode alcanzar Washington, a canle de Panamá, cabo Cañaveral, México ou calquera cidade situada no S.E de EE. UU,

Para impedir a posta en marcha dun dispositivo ofensivo, unha estrita corentena será aplicada a todo equipamento militar ofensivo destinado a Cuba, sexa cal for o seu pavillón ou procedencia, serán interceptados e obrigados a darse a volta.